CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña

Asunto: *Anexo de expropiacións do anteproxecto para a remodelación integral do Parque San Martiño. Expediente 2021/U040/000004.*

O Pleno municipal, en sesión ordinaria que tivo lugar o 29 de novembro de 2021, acordou aprobar o anexo de expropiacións para a obtención dos terreos que se consideran necesarios para a execución da obra hidráulica prevista no anteproxecto do *Plan específico para a xestión de inundación na ARPSI do río Anllóns: Remodelación integral do parque de San Martiño construción de motas de protección fronte á avenida*; aprobado pola directora de Augas de Galicia con data 15/03/2021, segundo o documento redactado pola entidade Estudio Técnico Gallego, S.A. e asinado polo arquitecto Isidro López Yáñez (colexiado nº 2261 COAG) e pola enxeñeira técnica agrícola Beatriz Blanco Lois (colexiado nº 1909).

No mesmo acordo, no seu punto segundo, declarouse a utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola obra hidráulica prevista no mencionado anteproxecto, ao abeiro do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa (procedemento de urxencia).

Polo que se somete a información pública, o anteproxecto da obra e o anexo de expropiacións, por un prazo de 20 días, para que as persoas que se consideren interesadas formulen as observacións e reclamacións que estimen convenientes, co fin de rectificar posibles erros da relación publicada ou opoñerse, por razóns de fondo ou forma, á necesidade da ocupación. Neste caso indicará os motivos polos que deba considerarse preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos e non comprendidos na relación, como máis convinte ao fin que se persigue.

Así mesmo, requíreselle aos titulares dos bens e dereitos afectados para que acheguen os títulos que os acrediten como propietarios dos mesmos. Advírteselles que este anuncio serve de notificación no caso de que estes sexan descoñecidos ou se descoñezca o seu enderezo, segundo o previsto no artigo 44 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administración públicas.

A relación de bens e dereitos afectados que se inclúe no anexo de expropiacións é a seguinte:

Nº FINCA	TITULAR	SUP. A EXPROP. (m²)	COTA PARTICIP.
1	Concello de Carballo	5	0,09
2	Concello de Carballo	651	12,08
3	Mª del Carmen Nión Cancela e outros	92	1,71
28	Manuel Perejil Cambón e outros	1332	24,73
29	Eduardo Rey Barrán e outros	325	6,03
30	Mª Lucinda Lorenzo Antelo e outros	577	10,71
31	Rosa Facal Ponte e outro.	766	14,22
32	Josefa Fuentes Souto e outros.	543	10,08
33	Manuel Fraga Calvo.	177	3,29
43	María Armentina Barca Varela e outro	143	2,65
44	Estanislao Ramón España Recarey	776	14,41
TOTAL		**5387**	**100,00**

Os documentos técnicos e os trámites contidos no expediente poderán consultarse na Oficina Técnica Municipal en horario de 10.00 h ás 13.00 h e nesta páxina web.

Carballo, 10 de xaneiro de 2022

O alcalde - Evencio Ferrero Rodríguez

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR Evencio Ferrero Rodríguez (FECHA: 10/01/2022 11:38:00)
Versión imprimible
CVD: dpgce5DC7o3u8GoOjFN/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.